



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Aprobación inicial da modificación da Base núm. 32 de Execución do Orzamento relativa a subvencións

O Pleno do Concello de Neda, en sesión levada a cabo o día 27 de xaneiro de 2025, aprobou inicialmente o expediente de modificación da base 32ª das de execución do orzamento do exercicio 2024 prorrogado ao exercicio 2025; en relación á tramitación dos expedientes: 2025/A002/000001 e 2025/A004/000001.

O expediente permanecerá exposto ó público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación así como nas oficinas municipais, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se ó remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ó establecido na citada lexislación.

Vila de Neda, 29 de xaneiro de 2025

O alcalde

Ángel Alvariño Saavedra

2025/569